

## ACTA Nº 2017/2

### SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE BOQUEIXÓN - CASA DO CONCELLO, VENRES 15 DE DECEMBRO DE 2017 -

No día de hoxe, ás 13:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnenos os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria-interventora, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

#### ASISTENTES:

Don Manuel Fernández Munín  
Dona María del Carmen Botana Cebeiro  
Don Antonio González Barral  
Dona Ana María Seijo Mosquera  
Don Jesús Sanjuás Mera  
Don Alejandro Bermúdez Devesa  
Don Xabier Canabal Fernández  
Dona María del Carmen Soutullo Carolo  
Don Perfecto Barcala Mosquera  
Don Jesús José Santasmarinas Devesa

#### AUSENTES:

Dona Ana Isabel Alonso Taboada

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na seguinte,

#### ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta anterior
2. Aprobación POS + 2018 da Deputación Provincial da Coruña

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

3. Designación secretario suplente da mesa de contratación
4. Aceptación de oferta de prestación de servizos de xestión de cobros

## DELIBERACIÓNS

### 1. Aprobación da acta anterior

O señor Canabal fai as seguintes puntualizacións:

En primeiro lugar atribúense as previsións meteorolóxicas de Pemán, porque eu non dixeran “é posible” que nos anos vindeiros o Pontillón seque” senón que dixeran que pode ser que non chegue a auga.

Por outro lado, segue dicindo o señor Canabal, onde pon “o señor Canabal di que o que hai son pactos”, o que dixeran foi o que hai son patos.

Acéptanse estas puntualizacións do señor Canabal e cos votos a favor do todos/as os concelleiros/as apróbase a acta da sesión plenaria do día 8 de novembro de 2017

### 2. Aprobación POS + 2018 da Deputación Provincial da Coruña

Neste momento e en relación co dito polo Sr. Canabal na sesión anterior , sobre que se podería estar incorrendo en manifesta falsificación de documento público, a secretaria di que a falsidade documental é un delito moi grave e que debería indicar claramente que documento plenario falsificou esta secretaria, pois a falsa acusación ( e ademais por escrito) tamén é un delito.

Con data 29 de setembro de 2017, o Pleno da Deputación da Coruña aprobou as bases reguladoras do Plan Único de concellos POS+2018, na que asignan para este concello a cantidade de 688.988,06 euros.

No Plan deste ano vanse a solicitar, da achega correspondente ó ano 2018 (240.239,26 euros), un total de 176.000 euros para financiar o gasto corrente de alumado público e co restante realizárase un proxecto de obra.

Coa achega do ano 2017, solicítanse 4 proxectos, todos eles financeiramente sostibles, por importe total de 235.706,44 euros.

A diferenza do pasado ano, solicítanse obras polo importe total da achega concedida para o préstamo provincial 2018 por importe de 213.042,36 euros.

E por último, tal e como se establece nas bases do Plan, solicítase o plan complementario por importe do 20% da suma dos tres tipos de achega (688.988,06 euros).

O prazo para a presentación da documentación, que será feito de xeito telemático, remata o vindeiro día 20 de decembro ás 15.00 horas, sendo obrigatoria a súa aprobación por parte do Pleno da corporación.

Segue dicindo o señor alcalde que as obras a executar incluídas no proxecto a financiar coa a achega provincial 2018, que é o Camiño de Noenlle a Feal por Mareque e outros son: o camiño de Noenlle a Feal por Mareque, o camiño Cruce de Carabán a Cruce de Lamas por Cubelo e o camiño de Agra pola volta hacia lugar da Igrexa.

As obras incluídas no proxecto Camiño de Orto á Igrexa (Boqueixón) e outros son:

Camiño de Orto a Igrexa (Boqueixón), pista de lugar da Igrexa hacia Regas, e camiño de Rubial – C. Varela.

As obras incluídas no proxecto de camiño de Melón a Alto de Outeiro e outros son: camiño de Melón a Alto de Outeiro, pista pasando a Cruz hacia Caneda (Loureda), pista alto de Quián á xeral de Deseiro de Abaixo (Rubial), camiño de Rubial á volta de Cachosenande, camiño de glomerada do Pico hacia Cachosenande e pista da churrera hacia Pichela.

As obras do proxecto camiño cruce de Vigo a cruce de Carabán.

As obras incluídas no proxecto camiño AC-960 a Pumares e outras son: camiño AC-960 – Pumares e camiño xeral de Deseiro a modistas.

As obras incluídas no proxecto camiño campo da festa da Granxa a Boqueixón e outros son: camiño campo da festa da Granxa a Boqueixón, camiño AC-261 ó medio das casas de Rubio, camiño xeral de Vigo a Melón de Abaixo, camiño de estrada Deputación á planta potabilizadora, camiño de Engas a Granxola pasando por pichina e pista AC-960 ó final de invernadoiros (Corna)

As obras incluídas no proxecto pista Villalapaz a Lubián por cruce de Palmeira (con ramal Cao) e outros son: pista de Villalapaz a Lubián por cruce Palmeira (con ramal Cao), subida Lubián a pista palmeira e camino panadería San Cidre-límite Touro (León).

As obras incluídas no proxecto Camiño Gastrar a Lamparte (Loureda) son: camino de Gastrar a Lamparte (Loureda), pista da xeral a pozo de bombeo de (Noente) e subida Veloso, camino rúa da Ponte a AC-960 pola Abeleira, pista da Abeleira ó Castro e pista de Corral a Supazo (Pousada).

As obras incluídas no proxecto pista da Solaina á Pichela polo Pico Sacro (Lestedo) son: pista da Solaina á Pichela polo Pico Sacro, camino establo Canabal ó fontanero e pista xunto a churreira.

Por último co plan complementario executáronse as obras do camiño de Ledesma a Codeso.

O Sr. Canabal di que agradece o relatorio das obras e segue dicindo o seguinte “Sabem que temos ofrecido a nosa colaboración á hora de discutir e consensuar uns criterios máis ou menos obxectivos para a elaboración dos programas de investimentos, e por moito que miremos estes proxectos, conxuntamente cos dos dous últimos anos, e conxuntamente con aquel papel mollado que era a “Estratexia Boqueixón 2020”, non vemos que se siga ningún criterio.

E posto que vostedes negan a participación da oposición na discusión de criterios de investimento, imos esixirlle ao equipo de goberno que nos expliquen os criterios de escolla destes proxectos. Coido que os concelleiros desta corporación ao igual que os veciños de Boqueixón teñen dereito a saber onde se invisten os cartos públicos, e con que criterios.

Para iniciar a nosa explicación, vemos, como todos os anos que en Boqueixón non existen outras prioridades que non sexan os famosos regados de piche nas pistas municipais. Tamén son investimentos a protección e mellora do medio natural, industria, parques e xardíns, xestión do patrimonio, investimentos deportivos, culturais, sociais... Mais iso non existe no noso concello.

Soben, iso si, a achega do POS para o pago de alumeado un 10% respecto ao 2017. De 160.000 € pasan a 176.000 €. E dicimos ben, para o alumeado, posto que o uso do POS para gastos correntes e moito maior, como explicaremos a continuación.

Dicir, como xa dixemos cando se aprobou a anualidade de 2017, que partillamos a filosofía do Plan Único da Deputación, mais non coa aplicación que o Concello fai.

Téntase con este Plan Único recoller os distintos plans que a Deputación tiña cos concellos e dar así unha maior autonomía aos concellos da provincia. Descritivamente vemos que a asignación sube pouco máis do 3% respecto ao ano 2017, aínda que este ano o Concello de Boqueixón decide acollerse ao “Préstamo da Deputación” por importe de 213.042,36 €, o que supón que para o financiamento dos proxectos de rego

de piche e rebacheos en diversas pistas municipais, o Concello recorrerá a incrementar a súa débeda. Unha débeda que se ben non devenga xuros, si computará como tal. E todo isto, mentres Montoro segue a bloquearnos o uso dos Superávits Orzamentarios.

### Análise descritiva das obras.

En total, os distintos proxectos recollen 33 obras:

- 24 obras de rego de piche e rebacheos que suman 19,745 km.
- 6 obras de zahorra, que suman 11,57 km.
- 1,7 km de aglomerado quente en 2 obras.
- Plan Complementario: 2,71 km de aglomerado en quente.

Obvio pois que non vexamos por ningún sitio un proxecto de investimento, nin coherente nin

incoherente. Vese única e exclusivamente “retales”.

Se excluímos o Plan Complementario, a totalidade do plan (agás o Camiño Cruce de Vigo a Cruce de Carabán) trátase de Conservación e mantemento (que non é investimento novo), é dicir, son regos e rebacheos ou tratamentos de zahorra dun bo puñado de pistas municipais existentes. Deixamos a relación:

|                                                                    |                      |          |      |
|--------------------------------------------------------------------|----------------------|----------|------|
| Camiño de Noenlle a Feal por Mareque                               | TRATAMENTO ASFÁLTICO | 1.140,00 | 3,50 |
| Camiño cruce de Carabán a cruce de Lamas por Cubelo                | TRATAMENTO ASFÁLTICO | 1.585,00 | 4,00 |
| Camiño de Agra pola volta cara o Lugar da Igrexa                   | TRATAMENTO ASFÁLTICO | 860,00   | 3,50 |
| Camiño de Orto á Igrexa (BOQUEIXÓN)                                | TRATAMENTO ASFÁLTICO | 970,00   | 3,50 |
| Pista de Lugar da Igrexa cara Regas                                | TRATAMENTO ASFÁLTICO | 1.190,00 | 4,00 |
| Camiño de Rubial - C. Varela                                       | TRATAMENTO ASFÁLTICO | 120,00   | 3,00 |
| Camiño de Melón a Alto de Outeiro                                  | ZAHORRA              | 870,00   | 3,50 |
| Pista pasando a Cruz cara Caneda (Loureda)                         | ZAHORRA              | 1.360,00 | 3,50 |
| Pista Alto de Quián a Xeral de Deseiro de Abaixo (Rubial)          | ZAHORRA              | 1.100,00 | 3,50 |
| Camiño de Rubial a volta de Cachosenande                           | ZAHORRA              | 1.100,00 | 3,50 |
| Camiño de Aglomerada do Pico cara Cachosenande                     | ZAHORRA              | 830,00   | 3,77 |
| Pista da Churrera cara Pichela                                     | ZAHORRA              | 525,00   | 4,50 |
| Camiño de Xeral de Deseiro a Modistas                              | TRATAMENTO ASFÁLTICO | 250,00   | 3,00 |
| Camiño Campo da Festa da Granxa a Boqueixón                        | TRATAMENTO ASFÁLTICO | 760,00   | 3,50 |
| Camiño AC-261 ao medio das casas de Rubio                          | TRATAMENTO ASFÁLTICO | 925,00   | 3,50 |
| Camiño Xeral de Vigo a Melón de Abaixo                             | TRATAMENTO ASFÁLTICO | 70,00    | 3,50 |
| Camiño de Estrada Deputación a Planta Potabilizadora               | TRATAMENTO ASFÁLTICO | 400,00   | 3,50 |
| Camiño de Engas a Granxola pasando por Pichina                     | TRATAMENTO ASFÁLTICO | 1.070,00 | 3,50 |
| Pista AC-960 ao final de Invernadoiros (A Corna)                   | TRATAMENTO ASFÁLTICO | 440,00   | 4,00 |
| PISTA DE VILLALAPAZ A LUBIÁN POR CRUCE DE PALMEIRA (CON RAMAL CAO) | TRATAMENTO ASFÁLTICO | 900,00   | 3,57 |

|                                                       |                      |          |      |
|-------------------------------------------------------|----------------------|----------|------|
| SUBIDA LUBIÁN A PISTA PALMEIRA                        | TRATAMENTO ASFÁLTICO | 205,00   | 3,50 |
| CAMIÑO PANADERÍA SAN CIDRE - LÍMITE TOURO             | TRATAMENTO ASFÁLTICO | 1.520,00 | 4,00 |
| Camiño de Gastrar a Lamparte (Loureda)                | TRATAMENTO ASFÁLTICO | 1.400,00 | 3,94 |
| Pista da Xeral a Pozo Bombeo (Noente) e subida Veloso | TRATAMENTO ASFÁLTICO | 710,00   | 3,50 |
| Camiño da Rúa da Ponte a AC-960 pola Abeleira         | TRATAMENTO ASFÁLTICO | 490,00   | 3,50 |
| Pista da Abeleira ao Castro                           | TRATAMENTO ASFÁLTICO | 215,00   | 3,50 |
| Pista de Corral a Supazo (Pousada)                    | TRATAMENTO ASFÁLTICO | 715,00   | 3,50 |
| Pista da Solaina á Pichela polo Pico Sacro            | TRATAMENTO ASFÁLTICO | 2.430,00 | 4,00 |
| Camiño Establo Canabal ao Fontanero                   | TRATAMENTO ASFÁLTICO | 300,00   | 3,00 |
| Pista Xunto a Churrera                                | TRATAMENTO ASFÁLTICO | 230,00   | 2,50 |

Tal e como advertiamos nos últimos anos, isto significa rachar coa filosofía do propio Plan Único da Deputación na que se ditan unha serie de normas para que as obras e/ou subministracións teñan entidade.

Para que isto suceda, neste concello, resólvese coa fórmula de “e outros”. Así, por enxeñaría contable convértese gastos correntes, do capítulo 2, en gastos de investimento, do capítulo 6.

Si é verdade que no Plan Complementario aceptan unha das propostas de Veciñ@s do ano pasado. O comezo do aglomerado da vía municipal Sur que une Ledesma con Codeso por Sucira e Donas. Mais a súa materialización (que agardemos que si) será para o entorno do 2019 – 2020.

É por iso que un ano máis votamos en contra do seu relatorio de lavado de cara das pistas municipais.

En canto aos criterios di o Sr. alcalde que so por un lado a necesidade ou estado actual no que se atopan as estradas e por outro lado trátase de distribuír os fondos entre todas as parroquias pois todos os veciños deben ter as mesmas posibilidades.

Di, así mesmo, o Sr. alcalde que a el tamén lle gustaría.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor do PP e coa abstención de Veciños de Boqueixón acórdase:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2018”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da

achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2018”, “achega provincial 2017” e “préstamo provincial 2018”:

**A) Financiamento do pago a provedores:**

|                                                                       | Capítulo II | Capítulo VI | Total |
|-----------------------------------------------------------------------|-------------|-------------|-------|
| Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores | -           | -           | -     |
| Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores | -           | -           | -     |
| <b>Subtotal pago a provedores</b>                                     | -           | -           | -     |

**B ) Financiamento de gastos correntes:**

|                                                                           | Deputación        |
|---------------------------------------------------------------------------|-------------------|
| Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de gastos correntes 2018 | 176.000,00        |
| <b>Subtotal gasto corrente</b>                                            | <b>176.000,00</b> |

**C ) Financiamento de investimentos:**

| ACHEGA PROVINCIAL 2018                               | Financiamento do investimento |          |                  |
|------------------------------------------------------|-------------------------------|----------|------------------|
| Denominación da obra ou subministración              | Deputación                    | Concello | Orzamento total  |
| Camiño de Noenlle a Feal por Mareque e outros        | 64.239,26                     | -        | 64.239,26        |
| <b>Subtotal investimentos achega provincial 2018</b> | <b>64.239,26</b>              | <b>-</b> | <b>64.239,26</b> |

| ACHEGA PROVINCIAL 2017<br>(Investimentos “financeiramente sostibles”) |                   | Financiamento do investimento |          |                 |
|-----------------------------------------------------------------------|-------------------|-------------------------------|----------|-----------------|
| Denominación da obra ou subministración                               | Grupo de programa | Deputación                    | Concello | Orzamento total |

|                                                      |     |                   |          |                   |
|------------------------------------------------------|-----|-------------------|----------|-------------------|
| Camiño de Orto a Igrexa (Boqueixón) e outros         | 153 | 58.333,70         | -        | 58.333,70         |
| Camiño de Melón a Alto de Outeiro e outros           | 153 | 53.686,57         | -        | 53.686,57         |
| Camiño cruce de Vigo a cruce de Carabán              | 153 | 82.795,85         | -        | 82.795,85         |
| Camiño AC-960 a Pumares e outro                      | 153 | 40.890,32         | -        | 40.890,32         |
| <b>Subtotal investimentos achega provincial 2017</b> |     | <b>235.706,44</b> | <b>-</b> | <b>235.706,44</b> |

| <b>PRÉSTAMO PROVINCIAL 2018</b>                                           | <b>Financiamento do investimento</b> |                        |                        |
|---------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------|------------------------|------------------------|
| <b>Denominación da obra ou subministración</b>                            | <b>Préstamo Deputación</b>           | <b>Achega Concello</b> | <b>Orzamento total</b> |
| Camiño campo da festa de Granxa a Boqueixón e outros                      | 61.235,75                            | -                      | 61.235,75              |
| Pista de Villalapaz a Lubian por cruce Palmeira ( con ramal Cao) e outros | 47.172,25                            | -                      | 47.172,25              |
| Camiño de Gastrar a Lamparte (Loureda) e outros                           | 53.432,06                            | -                      | 53.432,06              |
| Pista da Solaina á Pichela polo Pico Sacro (Lestedo) e outros             | 51.202,30                            | -                      | 51.202,30              |
| <b>Subtotal investimentos préstamo provincial 2018</b>                    | <b>213.042,36</b>                    | <b>-</b>               | <b>213.042,36</b>      |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2018 e que se relacionan nestas táboas.

**D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos ou pregos:**

| <b>Denominación do proxecto ou prego cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2018)</b> | <b>Deputación</b> |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------|
|                                                                                                              |                   |
|                                                                                                              |                   |
|                                                                                                              |                   |

|                                     |  |
|-------------------------------------|--|
|                                     |  |
| <b>Subtotal redacción proxectos</b> |  |

**E) Financiamento de achegas municipais a outros Plans, Programas ou Convenios:**

| Denominación do investimento doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2018 | Deputación |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|
|                                                                                                                                      |            |
|                                                                                                                                      |            |
|                                                                                                                                      |            |
| <b>Subtotal achega municipal 2018</b>                                                                                                |            |

| Denominación do investimento “financeiramente sostible” doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2017 |                   | Deputación |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------|------------|
| Denominación                                                                                                                                                    | Grupo de programa |            |
|                                                                                                                                                                 |                   |            |
|                                                                                                                                                                 |                   |            |
|                                                                                                                                                                 |                   |            |
| <b>Subtotal achega municipal 2017</b>                                                                                                                           |                   |            |

**F) Redución de débeda con entidades financeiras:**

| Entidade financeira                              | Número/código do préstamo | Importe de “préstamo provincial 2018” aplicado á redución da débeda |
|--------------------------------------------------|---------------------------|---------------------------------------------------------------------|
|                                                  |                           |                                                                     |
|                                                  |                           |                                                                     |
|                                                  |                           |                                                                     |
|                                                  |                           |                                                                     |
|                                                  |                           |                                                                     |
| <b>Subtotal redución de débeda con entidades</b> |                           |                                                                     |

|             |  |
|-------------|--|
| financeiras |  |
|-------------|--|

### G ) Resumo:

| SUBTOTALS               |               | Deputación | Concello | Total      |
|-------------------------|---------------|------------|----------|------------|
| A- PAGO A PROVEDORES    | Achega 2017   | -          |          | -          |
|                         | Achega 2018   | -          |          | -          |
| B- GASTOS CORRENTES     | Achega 2018   | 176.000,00 |          | 176.000,00 |
| C- INCREMENTOS          | Achega 2018   | 64.239,26  | -        | 64.239,26  |
|                         | Achega 2017   | 235.706,44 | -        | 235.706,44 |
|                         | Préstamo 2018 | 213.042,36 |          | 213.042,36 |
| D- HONORARIOS REDACCIÓN | Achega 2018   | -          |          | -          |
| E- ACHEGAS MUNICIPAIS   | Achega 2018   | -          |          | -          |
|                         | Achega 2017   | -          |          | -          |
| F- REDUCCIÓN DÉBIDA     | Préstamo 2018 | -          |          | -          |
| TOTAL                   | Achega 2018   | 240.239,26 | -        | 240.239,26 |
|                         | Achega 2017   | 235.706,44 | -        | 235.706,44 |
|                         | Préstamo 2018 | 213.042,36 | -        | 213.042,36 |
|                         | TOTAL         | 688.988,06 | -        | 688.988,06 |

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2018 no que se inclúen os incrementos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

| Denominación dos investimentos “financeiramente sostibles”<br>(mínimo do 20% do total das achegas e préstamo provincial asignado) | Grupo de<br>programa | Orzamento  |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|------------|
| Camiño de Ledesma a Codeso                                                                                                        | 153                  | 137.797,61 |
| <b>TOTAIS</b>                                                                                                                     |                      | 137.797,61 |

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Con data 15 de decembro do 2017, número de saída 201700000001289, remitíronse as correspondentes solicitudes de autorización previa ó Servizo de Patrimonio Cultural.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2018 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2018, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

### 3.Designación secretario suplente da mesa de contratación

Na sesión plenaria celebrada o 25 de xuño de 2015 designáronse os membros da mesa de contratación entre os que se nomearon a don Juan Corral Sánchez, vogal suplente da secretaria interventora e a dona Lourdes García Abeijón, como suplente da secretaria da mesa dona Adela Lamela Arteaga.

Actualmente, coa introdución obrigatoria da administración electrónica, a secretaria da mesa contratación asume funcións relativas á contratación que existen claves e/ou códigos de identificación atribuídos pola administración estatal, polo que é necesario que o secretario suplente da mesa de contratación sexa un funcionario que estea dado de alta como usuario en contratación na plataforma. Actualmente, ademais da secretaria titular da mesa de contratación está dado de alta como usuario don Juan Corral Sánchez administrativo da administración xeral do concello de Boqueixón.

Por outro lado, a/o suplente da vogal secretaria interventora debe ser outro habilitado nacional que ao non existir neste concello deberá solicitarse, no caso de que a titular non poida participar.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor do PP e coa abstención de Veciños de Boqueixón acórdase:

Primeiro:\_ Deixar sen efecto o nomeamento de don Juan Corral Sánchez como vogal suplente da secretaria interventora nas mesas de contratación.

Segundo:- Deixar sen efecto o nomeamento de dona Lourdes García Abeijón como secretaria suplente das mesas de contratación .

Terceiro:\_ Designar a don Juan Corral Sánchez como secretario suplente das mesas de contratación.

#### **4.Aceptación de oferta de prestación de servizos de xestión de cobros**

O Concello de Boqueixón en sesión plenaria que tivo lugar o 11 de novembro do 2015 acordou xestionar directamente o servizo de abastecemento de auga.

Posteriormente, coa posta en marcha do servizo polo concello, inícianse os procedementos de cobro dos recibos , momento no cal se detectan as graves dificultades para a prestación do mesmo, especialmente en canto ás liquidacións do IVE e do canon, complicándose aínda máis no momento no que “Hacienda” reclama a declaración do IVE sobre o citado canon e a máis abundancia tendo en conta que o concello de Boqueixón non conta con persoal suficiente e apropiado para a prestación e tramitación das tarifas correspondentes ao servizo de abastecemento.

Consta no expediente, o informe de secretaría-intervención, que a continuación se transcribe:

“ASUNTO: *servizo xestión cobros recibos abastecemento.*

ANTECEDENTES

1.- *O pleno da corporación en sesión celebrada o 11 de novembro de 2015 acordou xestionar directamente o servizo de abastecemento de auga.*

2.- *A xestión dos recibos correspondentes ao servizo de abastecemento é complicada e require medios materiais e persoais varios e exclusivamente para a súa prestación. Sen embargo o concello de Boqueixón non dispón de persoal e medios necesarios para a implantación dunha oficina de xestión de cobros que, por outro lado son de tramitación complexa en canto se deben efectuar liquidacións de IVE e CANON dentro dos prazos legais e tendo en conta, ademais, os posibles impagos, devolucións, reclamacións etc.*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- *A lei de contratos das administración públicas, no seu artigo 138.3 establece o importe inferior a 18.000 euros , IVE excluído, para o contrato menor. Neste tipo de contrato non é necesario o procedemento de licitación, e a súa duración non poderá exceder dun ano.*
- *A base número 21 apartado C) do presuposto xeral municipal establece que nos contratos de servizos que superen a contía de 3.000 euros e sexan inferiores aos 18.000 IVE excluído, o expediente deberá conter unha proposta detallada e valorada debendo acreditar a consulta a tres empresas, SALVO que resulte imposible ou inconveniente por razóns que deberán acreditarse.*

*Neste caso, trátase do servizo de abastecemento que xunto co servizo de saneamento conforman un servizo integral basicamente relacionados posto que as lecturas dos contadores de ambos servizos en xeral deben ser as mesmas. Motivo polo cal se considera conveniente que a xestión dos recibos de abastecemento se efectúe conxuntamente cos recibos de saneamentos, unificándose nun só recibo ambas tarifas. Non obstante ao asumir o concello a xestión do abastecemento, ambos servizos son independentes ao ser prestado o saneamento por Espina Delfín e como xa se indicou, o contrato menor só poderá ter duración dun ano polo que , o concello deberá decidir si externaliza o servizo de abastecemento ou amplía o cadro de persoal para a súa prestación co inconveniente que neste caso suporía incrementar o capítulo 1 do presuposto xeral municipal. Outra forma sería sacar a xestión dos recibos por*

*procedemento aberto ou negociado, no cal se podería presentar calquera licitador e o prazo de duración non pode superar os cinco anos incluídas as posibles prorrogas( nova lei contratos que entrará en vigor en marzo de 2018).*

*Por outro lado, á funcionaria á que se lle asignou o servizo de xestión de cobros dos recibos (ademais dos que xa viña realizando), resúltalle imposible cumprir dita función posto que son máis de 1000 recibos a emitir trimestralmente nos que se deben controlar e xestionar: as altas, baixas, modificacións, emisión de padróns fiscais, inclusión lecturas, emisión e remisión dos recibos, os impagados, as devolucións, o IVE, o CANON ,as declaracións a Facenda e a Augas de Galicia co engadido neste último caso do IVE sobre o CANON tal como reclama facenda ao concello, etc.*

*O concello non dispón de persoal necesario para xestionar este servizo nin dos medios materiais o cal pode reflectir gravemente nos datos económicos e en consecuencia na contabilidade municipal.*

*Por todo o cal e debido a urxencia para que o servizo se comece a prestar a partires do 1 de xaneiro de 2018 e tendo en conta que o contrato non debe superar a duración dun ano e polo tanto se deberá proceder coa contratación con publicidade e concorrencia , **informo favorablemente a adopción do seguinte acordo:***

- 1. Aceptar a oferta presentada por Espina & Delfín para a xestión de recibos do abastecemento, no cal se inclúen os seguintes traballos:*

*Lectura trimestral de contadores incluídos no padrón de abonados*

*Emisión de listados en PDF*

*Arquivo en XLS*

*Emisión de recibos e o envío a domicilio do abonado*

*Emisión de soporte magnético e xestión de cobro de recibos domiciliados*

*Xestión de cobro Q57 en ventanilla en entidades colaboradoras*

*Xestión de cobro de recibos en oficina*

*Tratamento de devolucións*

*Reclamación de débeda e tramitación de expediente semestral de corte de subministro*

## *Informes de cobro e débeda*

### *Liquidación do Canon da auga*

2. *Aboarlle por este servizo 11.850 euros máis IVE. Forma de pago: factura trimestral por importe do 25% da totalidade que será deducido do importe da liquidación trimestral a practicar ó concello.*

*Boqueixón, 13 de decembro de 2017*

A continuación o señor Canabal di o seguinte: “O grupo municipal de Veciñ@s oponse a esta proposta.

Ademais, e temos que dicilo, parécenos unha indecencia (por ser suaves) que lle encarguemos directamente un servizo a unha empresa que tentou enganarnos no servizo de abastecemento, tal e como xa se ten falado neste pleno.

E dicimos ben, “encargar”, porque se saltan todos os procedementos de contratación pública cunha argumentación máis que discutible. E non falamos de argumentación xurídica. Porque dicir que o servizo de abastecemento forma un “conxunto” co servizo de saneamento, e empregar este argumento, xunto coa imposibilidade da funcionaria á que se lle encargou emitir os recibos, da problemática de ter que pagar un IVE por un Canon e da urxencia (para telo listo o 1 de xaneiro) non son argumentos xurídicos. E ao noso ver son argumentos discutibles.

Están a cederlle o cobro dos recibos á mesma empresa que viña prestando o servizo. Cédenllo a cambio dun prezo que non saben se é alto ou baixo. Simplemente é o seu prezo. E fano en contra do procedemento normal de contratación cunha argumentación máis que discutible. Emprazamos ao goberno a que retire esta proposta do presente Pleno.

O señor alcalde di que a razón pola que se externaliza a xestión dos cobros dos recibos de abastecemento é, entre outros, porque o programa informático co que conta o concello que é o da Deputación, programa “ágora” é moi deficiente para a xestión dos recibos e ademais a funcionaria encargada destas función encóntrase sobrepasada coas tarefas que debe efectuar e, se seguimos así, terá que coller unha baixa laboral co cal aínda se producirán máis problemas.

En canto ao importe ofertado por Espina Delfín, segue dicindo o Sr. alcalde, se o comparamos co custo que suporía contratar outra persoa, resultaría que non cubre nin para media xornada.

Parécenos un prezo axeitado e por isto o debemos aceptar.

O Sr. Canabal di que unha Administración que non pode cobrar os seus recibos ten un problema.

O Sr. alcalde di que tamén se pensou en delegar na Deputación da Coruña, pero efectuarían os cobros semestralmente e ademais o concello tería que pasarlle os datos.

O Sr. Canabal di que ler os contadores de 1200 usuarios pode levar tres días de traballo e ademais pódense poñer contadores dixitais e reitera o Sr. Canabal que o concello que non pode cobrar os seus impostos ten un problema. E segue dicindo que haberá que comprar un programa axeitado e termina dicindo que isto parécelle un escándalo.

O concelleiro Sr. González Barral di que o prezo non é tan elevado e o Sr. Sanjuás que a lectura dos máis de mil contadores non se fai en tan só tres días.

Termina o Sr. alcalde dicindo que este ano farase desta forma e máis adiante xa se verá se se fai un concurso.

Sen máis procédese coa votación, e cos votos a favor do PP e en contra de Veciños de Boqueixón, acórdase:

1. Aceptar a oferta presentada por Espina & Delfín para a xestión de recibos do abastecemento, no cal se inclúen os seguintes traballos:
  - Lectura trimestral de contadores incluídos no padrón de abonados
  - Emisión de listados en PDF
  - Arquivo en XLS
  - Emisión de recibos e o envío a domicilio do abonado
  - Emisión de soporte magnético e xestión de cobro de recibos domiciliados
  - Xestión de cobro Q57 en ventanilla en entidades colaboradoras
  - Xestión de cobro de recibos en oficina
  - Tratamento de devolucións
  - Reclamación de débeda e tramitación de expediente semestral de corte de subministro
  - Informes de cobro e débeda

## Liquidación do Canon da auga

2. Aboarlle por este servizo 11.850 euros máis IVE. Forma de pago: factura trimestral por importe do 25% da totalidade que será deducido do importe da liquidación trimestral a practicar ó concello.

Neste momento cando xa se teñen finalizados os puntos da orde do día desta sesión, faise entrega por escrito das seguintes contestacións ás preguntas formuladas polos concelleiros señor Barcala e señora M<sup>a</sup> Carmen Soutullo na anterior sesión plenaria e que quedaron pendentes :

### Do señor Barcala:

#### 8.13.- Sobre a recadación de diversos prezos públicos no concello

Resposta: En canto ao ximnasio, os usuarios deben efectuar os pagos por medio bancario e mensualmente realizase un control mediante a presentación dunha listaxe das persoas solicitantes.

En canto ao campo de fútbol, a partires do mes de outubro, os solicitantes deben efectuar, así mesmo, os pagos por medio bancario e a persoa responsable do control da súa utilización deberá presentar mensualmente un listado dos solicitantes.

En canto á piscina municipal, de momento non se está a utilizar e no seu momento cando se faga utilizarase un sistema de control a fin de que os usuarios e os ingresos queden claramente especificados.

### Da señora M<sup>a</sup> Carmen Soutullo:

#### 8.7.- Sobre o establecemento dun mercado labrego nas feiras do concello

Resposta: A experiencia desenvolta con éxito en Os Tilos dun mercado ecolóxico, está a funcionar moi ben posto que se trata dunha poboación “urbana” case por completo, onde a veciñanza que quere este tipo de produtos de horta, e sobre todo, ecolóxico, as únicas opcións que tería para abastecerse serían: o supermercado ou a posibilidade de adquirilos nunha feira/mercado especializado neste tipo de produtos ecolóxicos, con trato directo co proveedor que xera confianza no comprador e cunha periodicidade que mantén e aumenta a demanda.

No caso de Boqueixón é un concello eminentemente rural, no que gran parte das familias que demandan este tipo de produtos de horta e/ou ecolóxicos terían a posibilidade de poder cultivalos eles mesmos.

No 2016 plantexouse ós produtores de horta de Boqueixón a posibilidade de organizar unha zona específica para eles nas feiras que se desenvolven neste municipio, a resposta a esta proposición foi negativa alegando que “os veciños non lle van ir comprar á feira grelos se os están cultivando na súa casa”.

8.8- Sobre a conciliación de programa de Madrugadores nas Escolas.

Resposta: En varios cursos pasados ofertouse o programa de conciliación Madrugadores sen dar acadado grupo suficiente para a posta en marcha.

O ano pasado esta iniciativa foi proposta dentro das actividades da APA O FORTE e non se iniciou polas escasas solicitudes.

Neste curso 2017/2018 o concello realizou unha nova convocatoria deste programa a través do folleto de escolas culturais e deportivas que se entregou a todo o alumnado do CPI, páxina web e redes sociais.

Nesta ocasión tan só se recolleu unha solicitude .

As 13.50 horas non hai máis asuntos que tratar e por orde da presidencia levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu secretaria-interventora dou fe.

A secretaria-interventora

Visto e prace  
O alcalde

Boqueixón, mércores 20 de decembro de 2017

A secretaria-interventora, Elena Suárez Rodríguez

O alcalde, Manuel Fernández Munín